

Imaxes medievais do mes de Xullo en León, Beleña de Sorbe e Galicia

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sumario

Mostra, en fotografía e debuxos, das imaxes que representan o mes de xullo en Beleña de Sorbe (Guadalajara), León e Galicia

Abstract

Sample, in photography and drawings, of the images that represent the month of July in Beleña de Sorbe (Guadalajara), León and Galicia.

Esta mostra gráfica de imaxes do mes de Xullo nos calendarios medievais da basílica de San Isidoro de León, da igrexa románica de Beleña de Sorbe (Guadalajara) e de dúas localidades de Galicia, ten como detonante a sorpresa que me produciu atopar o emblema deste mes (un segador segando trigo) no coro alto tardogótico da igrexa mosteiral de San Salvador de Celanova, unha imaxe fermosísima, tallada en madeira de nogueira, e que desde logo non vin publicada nos libros e traballos relativos ó calendario agrícola medieval de Galicia (Castiñeiras, 1993-1995; Erias, 2004, 2014...).

Así que, a maneira de acompañamento desa obra, que pode datarse nalgún momento das primeiras tres décadas do s. XVI (figs. 14-17), procuro as tres imaxes dese mes das igrexas de San Francisco e Santa María do Azogue en Betanzos (as dúas do s. XIV), e engado, entre outras que podería, a de dous calendarios de referencia: o pintado e moi famoso de San Isidoro de León (s. XI-XII) e o magnificamente esculpido e ben conservado da portada da igrexa de San Miguel de Beleña de Sorbe (s. XII).

Como é sabido, o mito di que o calendario romano foi creado con 10 meses lunares por Rómulo, o primeiro rei, e que, reformado por Numa Pompilio (12 meses, engadindo xaneiro e febreiro, cun total de 355 días, aínda que o ano seguía empezando en marzo), se utilizou ata que no 46 aC., Xulio César, dictador e *Pontifex Maximus*, o reformou, inspirado por astrónomos exipcios. Así xurde o calendario *Iulius*, que moito despois se chamaría *Xuliano*, con 12 meses e 365 días, e ó mesmo tempo os nomes dalgúns meses mudan.

Despois do asasinato de César, o senado, a instancias de Marco Antonio, cambiou o vello nome de *Quintilis* (antigo mes 5º) polo de *Iulius* (Xulio), no 44 aC (en vigor desde o ano seguinte), por ser o mes no que nacera o gran persoeiro. É, desde logo, un mes importantísimo, porque nel ten lugar a sega do trigo, base do imprescindible pan. Por iso adoita representarse por un segador, por máis que as variantes iconográficas sexan abundantes. Un segador que conecta tamén coa imaxe romana do Verán e coa de Saturno, deus da Agricultura, representado como un vello de longa barba branca, cun fouciño na man, emblema tamén do tempo que termina con todo.

* **Alfredo Erias Martínez** é doutor en Historia da Arte e licenciado en Xeografía e Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. É director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e do Arquivo e Biblioteca municipais de Betanzos. É académico de número da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo e director da súa revista *Rudesindus*. É presidente do patronato da Fundación Luís Monteagado e membro do Patronato da Fundación Jiménez-Cossío. Así mesmo, é tamén membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.




Fig. 4.- O mes de Xullo como un segador en Beleña de Sorbe (Guadalajara).
Foto: <<http://www.arquivoltas.com/>>



Figs. 1-3.- O mes de Xullo («IVLII») como segador que está a segar o trigo con serrana (por definición, dentada). Forma parte do calendario agrícola da real basílica de San Isidoro de León (s. XI-XII), que se desenrola en medallóns de 38 cm de diámetro e se atopa pintado no intradós do arco formeiro, situado á dereita de Cristo en Maxestade. Unha imaxe esta que, á maneira clásica, funciona (en relación co calendario do arco) como Cronocrátor ou Señor do Tempo, lembrando as imaxes romanas do deus Aión ou do Xenio do Ano, que moven a roda das constelacións. Fotos: Manuel Carriedo®. Debuxo: Alfredo Erias®



Fig. 5.- O mes de Xullo como un segador que está a segar o trigo cun fouciño ou serrana (aínda que non se ve dentada) no calendario agrícola da igrexa románica de San Miguel de Beleña de Sorbe, do s. XII (pedanía anexa ó concello de Cogolludo, provincia de Guadalajara). Se o calendario de San Isidoro de León é o máis famoso de España, este é quizais o máis espectacular, o que presenta maior detalle e plasticidade e probablemente o mellor e máis finamente esculpido. Atópase nas dovelas da porta de entrada, que estivo protexida por un adro porticado que o protexeu. Para significar o calor deste mes figúrase o segador con chapeu e un recipiente de barro para a auga.





Figs. 6-7.- Representación do Verán como un segador, unha imaxe tomada directamente de Roma, onde o segador por excelencia era Saturno, deus da Agricultura. Igrexa de Santa María do Azougue (s. XIV), Betanzos, capela absidal do evanxeo.


Curiosamente, no mundo cristián, canonizárase no s. XVII un santo do s. XII, san Isidro Labrador, que se figura frecuentemente (en Francia, sobre todo) cun manoxo de cereal na súa man esquerda e cun fouciño na súa dereita. Debuxo e foto: Alfredo Erias®.



Fig. 8.- O Verán no mosaico romano das Catro Estacións, na Casa de Baco en Complutum (Alcalá de Henares, Madrid). Foto: <<https://commons.wikimedia.org/>>

Figs. 9-10.- Unha derivación da imaxe romana do Verán é esta do segador (mes de Xullo) visto de corpo enteiro, que sigue a amosar, iso si, o manoxo de cereal nunha man e o fouciño (ou serrana) na outra, pero sen estar segando. Atópase nun capitel da capela do evanxeo da igrexa de San Francisco de Betanzos (s. XIV), con outros dous meses dun incompleto calendario agrícola. Debuxo e foto: Alfredo Erias®.





Figs. 11-12.- O mes de Xullo no calendario agrícola de Santa María do Azogue en Betanzos (s. XIV), único completo que se conserva da Galicia medieval.

O segador aparece de perfil, amosando o fouciño ou serrana na súa man dereita, mentres mira o cereal (trigo, se supón), que aparece moi esquematicamente figurado diante del.
Debuxo e foto: Alfredo Erias®.



Fig. 13.- Imaxe emblemática do mes de Xullo, como segador en acto de segar trigo, no coro alto, tardogótico (s. XVI), da igrexa mosteiral de Celanova. Debuxo: Alfredo Erias®.



Figs. 14-17.- No coro alto da igrexa de San Salvador de Celanova aparecen os bustos da raíña e emperatriz Isabel de Portugal (con inspiración no retrato de Tiziano) e do rei e emperador Carlos (Carlos I de España e V do Sacro Imperio Romano Xermánico) (fotos: <<https://commons.wikimedia.org>> e Alfredo Erias®). O casco que vemos representado na talla do emperador inspírase no realizado por Kolman Helmschmied (Augsburgo, Alemania, 1471-1532) (foto: Patrimonio Nacional). Como queira que casaron o 1 de marzo de 1526, entre esta data e aproximadamente 1530 deberon rematarse as obras do coro, que ten outros elementos renacentistas. Pero como a estrutura xeral, a ornamentación e o concepto da maior parte dos seus motivos é tardogótico, cabe pensar que o deseño e inicio da obra pode retrotraerse á primeira ou segunda década do s. XVI.



Fig. 18.- Mes de Xullo no coro alto, tardogótico (s. XVI), da igrexa mosteiral de San Salvador de Celanova. Foto: Alfredo Erias®.

BIBLIOGRAFÍA

- CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ (1993): «El desfile de los meses de Santa María do Azougue». *Anuario Brigantino*, pp. 177-196.
- (1994): «Fiesta y representación: las alegres comparsas del año en la Edad Media». En: *El Rostro y el Discurso de la Fiesta*. Manuel Núñez Rodríguez (coord.). Universidad de Santiago de Compostela.
- (1995): *Os traballos e os días na Galicia medieval*. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (Biblioteca de divulgación, serie Galicia).
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2004): «O calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue: un achegamento ás súas imaxes». *Anuario Brigantino*, pp. 415-430.
- (2014): *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Briga Edicións & Xunta de Galicia, Betanzos-Santiago.
- <<http://www.arquivoltas.com/>